
Superdome

- Actualizado (25.03.2009)

Cluster HP Integrity Superdome 128

- Guía de uso
- Estado Sistema

Hardware

O cluster Superdome está formado por dous servidores HP Integrity Superdome con 64 procesadores Itanium2 a 1.5 GHz e 6 Mbytes de cache integrados no propio chip. En total, o sistema dispón de 384 Gbytes de memoria e 4,6 Terabytes para almacenamento temporal ou scratch repartidos en 128 discos SCSI, ademais de outros 16 discos de 72 Gbytes para o sistema operativo (1,1 Terabyte). Para os datos permanentes do usuario conta cunha cabina de almacenamento masivo EVA - 3000 con tecnoloxía FiberChannel e dobre controladora RAID cun total de 20 discos en configuración RAID - 5 e 3 Terabytes de capacidade total.

O rendemento pico do sistema é de 768 Gflops. No benchmark Linpack obtivo un rendemento pico de 642 Gflops, o que o situou na posición 227 da lista Top500 de novembro de 2003.